

Resolución da Comisión designada no procedemento para que o profesorado do corpo, para extinguir, de profesorado técnico de formación profesional se integre no corpo de profesorado de ensino secundario (código de procedemento ED021A) pola que se aproba e publica a relación definitiva de persoas que se propoñen para a súa integración no corpo de profesorado de ensino secundario así como daquelas que se exclúen de xeito definitivo convocado mediante a Orde do 17 de xaneiro de 2023.

Por Orde do 17 de xaneiro de 2023 realizouse unha nova convocatoria do procedemento para que o profesorado do corpo, a extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesorado de ensino secundario (código de procedemento ED021A) (DOG n.º 18, do 26 de xaneiro).

A citada orde ten por obxecto convocar un procedemento aberto que abrangue dende o 27 de xaneiro de 2023 ata o 19 de xaneiro de 2026 para que o profesorado funcionario de carreira do corpo, a extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional, que reúna os requisitos e cumpra as condicións establecidas na citada orde, poida integrarse no corpo de profesorado de ensino secundario, de conformidade coa normativa básica establecida polo Real decreto 800/2022, do 4 de outubro.

Para estes efectos na base oitava desta convocatoria pública establécese que o órgano de instrución será unha Comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e na base novena regúlanse as funcións deste órgano de instrución.

Posteriormente a dita comisión, de conformidade coa base décima, ditou a resolución do 22 de febreiro de 2024 na que se aproba e publica a relación provisional de persoas que se propoñen para a súa integración no corpo de profesorado de ensino secundario así como daquelas que se exclúen provisionalmente.

A súa vez, a base décimo primeira establece que a Comisión, logo de revisadas as reclamacións contra a resolución que declara con carácter provisional as persoas aspirantes admitidas e excluídas, de conformidade co establecido na base décima, a Comisión ditará unha resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas que se propoñen para ser integradas no corpo de profesorado de ensino secundario e das persoas excluídas, que se publicará no portal





da internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, www.edu.xunta.gal con respecto ás solicitudes formuladas, no marco do procedemento ED021A, no período que abrangue dende o 21 de novembro de 2023 ata o 20 de febreiro de 2024.

De conformidade coas ditas bases, a Comisión como órgano de instrución do procedemento de integración do persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesorado técnico de formación profesional, no corpo de profesorado de ensino secundario,

RESOLVE

Primeiro. Aprobar e publicar, no anexo I da presente resolución, a relación definitiva, de persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesorado técnico de formación profesional que se propón, previa solicitude formulada no marco do procedemento ED021A no período que abrangue dende o 21 de novembro de 2023 ata o 20 de febreiro de 2024, para a súa integración no corpo de profesorado de ensino secundario con especificación da especialidade e da data de efectividade da dita integración, segundo a base décimo sexta da dita orde.

Segundo. Aprobar e publicar, no anexo II da presente resolución, a relación definitiva de persoal participante, que formulou solicitude no marco do procedemento ED021A no período que abrangue dende o 21 de novembro de 2023 ata o 20 de febreiro de 2024, que se exclúe da proposta de integración no corpo de profesores de ensino secundario, pola causa ou causas que se indican.

Terceiro. De conformidade coas atribucións conferidas a este órgano na base novena da citada orde, elevar, ao órgano de resolución, isto é, á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a relación definitiva de persoas que se propoñen para a integración no corpo de profesorado de ensino secundario (Anexo I) previa solicitude formulada no marco do procedemento ED021A no período que abrangue dende o 21 de novembro de 2023 ata o 20 de febreiro de 2024.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,
O presidente da Comisión
José Carlos Barros Pardo

